

Presentación

Benvidos ao terceiro boletín de novas do proxecto LIFE Insular.

O proxecto desenvolve unha estratexia transnacional integrada para a xestión sostible dos hábitats insulares en illas Natura 2000 do Océano Atlántico, emprazados en la rexión Atlántica de Irlanda e España e na rexión Macaronésica española.

O obxectivo xeral desta estratexia e a restauración integrada de hábitats insulares (2130*, 4030) en illas do océano Atlántico promovendo o seu estado de conservación favorable e aumentando a súa resiliencia como principal medida de adaptación aos cambios globais actuais.

LIFE INSULAR elixiu 8 ZEC Natura 2000 españolas e irlandesas situadas en 5 illas diferentes de ambos os Estados membros, onde se aplicarán as mellores prácticas de probada eficacia sobre os hábitats insulares para abordar problemas e ameazas comúns de conservación desde un enfoque transnacional.



lifeinsular
LIFE20 NAT/ES/001007



LIFE INSULAR (LIFE20 NAT/ES/001007)

Estratexia integrada para a xestión sostible dos hábitats insulares en illas
Natura 2000 do Océano Atlántico



Rexión Atlántica irlandesa:

- 1 - Sheephaven SAC
- 2 - Horn Head and Rinclevan SAC
- 3 - Donegal Bay (Murvagh) SAC
- 4 - Raven Point Nature Reserve SAC



Costa atlántica de Galicia



Rexión Atlántica española:

- 5 - ZEC Complexo húmido de Corrubedo
- 6 - ZEC Complexo Ons - O Grove
- 7 - ZEC Illas Cíes

Rexión Macaronésica española:

- 8 - ZEC Archipiélago Chinijo



Illas Canarias

Accións
de conservaciónCoordinación
do proxectoDifusión
do proxecto
life
insular

novas do proxecto 2024

A Xunta de Galicia licita os traballos de eliminación de especies exóticas invasoras en Cíes, Ons e Sálvora no marco do proxecto LIFE INSULAR

2024/01/08

A Xunta de Galicia licitou por un importe inicial de 133.538,58 euros o servizo para a eliminación de especies exóticas invasoras nas illas Cíes, Ons e Sálvora do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, uns traballos que se centrarán nas dunas grises fixas e no seu hábitat de contacto co fin de garantir o seu estado de conservación favorable.

Cunha vixencia de 33 meses, este contrato enmárcase nos traballos que se están desenvolvendo no marco do LIFE INSULAR, un proxecto transnacional cofinanciado con fondos europeos no que participan España e Irlanda e que ten como fin conseguir a restauración integrada de hábitats insulares do Océano Atlántico.

Para lograr estes obxectivos, a iniciativa prevé executar sobre o terreo unha serie de actuacións centradas nos tipos de hábitats prioritarios e de interese comunitario 2130* e 4030, correspondentes ás Dunas costeiras con vexetación herbácea (Dunas grises) e aos Queirogais secos europeos.

A licitación que se acaba de publicar correspóndese con este tipo de traballos in situ e permitirá darlle continuidade aos labores

Socios

Coordinado polo IBADER (Universidade de Santiago de Compostela), o proxecto inclúe cinco socios máis

USC IBADER
Instituto de Biodiversidade
Agraria e Desenvolvemento Rural

XUNTA DE GALICIA | DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL



An Roinn Tithíochta,
Rialtais Áitiúil agus Oidhreachta
Department of Housing,
Local Government and Heritage



MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA
Y EL RETO DEMOGRÁFICO

ORGANISMO AUTÓNOMO
PARQUES NACIONALES

Tragsa
Grupo Tragsa

COILLTE

acometidos xa no último ano e medio nos tres arquipélagos galegos sobre a flora terrestre exótica invasora (acacias, margarida africana etc.)/ etc.) e que inciden de forma moi beneficiosa no estado de conservación dos hábitats antes mencionados.

En concreto, o servizo inclúe a realización de accións para a mellora da estrutura e funcionalidade de dous tipos de hábitats propios destas illas a través da eliminación e control, mediante métodos manuais, de flora invasora.

A empresa que se faga cargo do servizo, cuxa duración se estenderá desde a firma do contrato ata novembro do ano 2026, deberá dispoñer para a realización dos traballos programados dun mínimo de seis peóns especialistas e un

responsable técnico á fronte do equipo de campo.

Fai falta lembrar que o obxectivo principal do proxecto LIFE Insular é promover un estado de conservación favorable dos hábitats de illas pertencentes á Rede Natura 2000 no Océano Atlántico, á vez que se aumenta a súa resiliencia como medida de adaptación ao cambio climático.

Neste sentido, búscase minimizar a medio e longo prazo o impacto de posibles perturbacións externas sobre as zonas de actuación (risco de vendavais, erosión eólica catastrófica...) e buscarase tamén unha recuperación da paisaxe natural destas illas co reto de reverter a situación á que había 70 anos atrás.

En concreto, póñense o foco de atención sobre oito Zonas de Especial Conservación (ZEC) localizadas en cinco illas que son (ademais das tres galegas xa citadas) A Graciosa, en Canarias, e Irlanda.

O IBADER (Universidade de Santiago de Compostela) exerce o papel de coordinador, mentres que o Goberno galego, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, encárgase da execución técnica, tal e como se recolle no convenio asinado en 2022 entre ambos os organismos. Os outros socios beneficiarios do proxecto europeo son o Organismo Autónomo de Parques Nacionais e, pola parte irlandesa, o Department of Housing, Local Government and Heritage e o Coillte CGA.



O proxecto LIFE INSULAR conmemora o Día Mundial dos Humidais

2024/02/02

O proxecto LIFE INSULAR conmemora o Día Mundial dos Humidais cunha visita técnica aos enclaves do proxecto no Humidal de Importancia Internacional do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. O Día Mundial dos Humidais celébrase cada ano o 2 de febreiro, data na que se conmemora o aniversario da aprobación da Convención Mundial sobre os Humidais, o 2 de febreiro de 1971, en Ramsar (Irán). Nesta edición de 2024, o tema a desenvolver é “Os humidais e o benestar humano”, co obxectivo de concienciar e aumentar a comprensión da xente sobre a importancia crítica dos humidais.

Aínda que só ocupan o 6% da superficie terrestre, os humidais funcionan como importantes provedores de servizos, xa que son grandes depósitos de auga doce, depuran e recargan os nosos acuíferos e proporcionan alimentos e recursos a millóns de persoas. Entre os servizos ecosistémicos reguladores destacan a preservación das nosas costas, a función natural de protección contra inundacións e secas, ou a

mitigación dos efectos do cambio climático. De feito, ao longo da historia, a humanidade dependeu dos humidais de todas as partes do mundo, obtendo sustento, materias primas e resiliencia destes ecosistemas naturais.

Por desgraza, os humidais están a desaparecer a un ritmo alarmante (tres veces máis rápido que os bosques) debido ás actividades humanas. Durante os últimos 50 anos o mundo foi testemuña da perda ou degradación de máis do 35% das súas zonas húmidas. A conservación da biodiversidade e dos servizos que ofrecen estes ecosistemas é tarefa de todos. Grande ou pequeno, todo esforzo conta. Proxectos como LIFE INSULAR contribúen a mellorar o estado de conservación de compoñentes clave das zonas húmidas. A nivel individual, isto pódese conseguir tomando decisións conscientes para combater a contaminación dos humidais, colaborando con iniciativas de conservación ou participando activamente en proxectos locais de restauración de humidais.

**World
Wetlands Day**
2 February 2024



Wetlands and Human Wellbeing

Retómanse os traballos de recollida de material vexetal nas localidades galegas de LIFE INSULAR

A produción do seu propio material de reprodución permite a LIFE INSULAR a introdución de espécimes de orixe local e compatible.

2024/02/05

O IBADER da Universidade de Santiago de Compostela, na súa condición de beneficiario coordinador do proxecto LIFE INSULAR, retomou a recollida de material vexetal xunto ao equipo especializado en micropropagación de especies vexetais ameazadas do grupo de investigación AgroBioTech for Health da Universidade de Vigo. Este material servirá para producir planta das especies características dos hábitats insulares,

que serán empregadas durante os traballos de restauración dos mesmos.

A produción do seu propio material de reprodución permite a LIFE INSULAR a introdución de espécimes de orixe local e compatible, evitando o emprego de ecotipos alóctonos que poidan causar contaminación xenética.



Publicada unha guía divulgativa dos liques do PNMTIAG

2023/03/07



O Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia publica unha guía divulgativa en formato ficha que recompila os datos das 230 especies de liques que habitan neste espazo natural. As autoras da guía son as doutoras en Bioloxía Josefina Álvarez Andrés e María José Sánchez-Biezma, que contaron co apoio e a colaboración de persoal do parque nacional.

A guía ofrece unha visión da vida líquénica existente en todos os medios dos catro arquipélagos. A guía mostra a elevada riqueza e diversidade florística deste espazo natural así como a presenza de especies singulares e cunha distribución restrinxida. Así, quince das especies rexistradas no parque nacional están incluídas na lista vermella da UICN e dúas delas figuran no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. É importante estudar e coñecer esta flora pouco coñecida pero cunha gran importancia para a conservación no parque nacional.

Entre as curiosidades, destaca *Bactrospora carneopallida*, presente en zonas costeiras da Rexión Macarronésica e Sáhara-árabe, *Lecania aipospila*, orixinaria das Illas Británicas, Noruega, Suecia e a costa atlántica francesa ou *Porina curnowii*, rexistrada nas costas do suroeste de Inglaterra, suroeste de Irlanda e a Bretaña Francesa.

O traballo, está dispoñible en formato dixital, para a súa descarga gratuíta na biblioteca da web do parque nacional.



Publicado informe anual fitosanitario correspondente a 2023 do PNMT Illas Atlánticas de Galicia

2024/02/13

Publicouse o informe anual fitosanitario 2023 do PNMT Illas Atlánticas de Galicia, realizado pola empresa Árbore Técnicos no marco do programa de seguimento fitosanitario da Rede de Parques Nacionais.



Pospúxose a controvertida etapa de corta de plantíos forestais para a restauración de dunas vencellada ao proxecto LIFE INSULAR en Murvagh

2024/02/20

O aprazamento débese a un atraso na obtención da aprobación dunha licenza de corta. A representante de Coillte, Karen Woods, indicou nunha reunión pública celebrada en novembro que tal atraso era posible, aínda que se esperaba que non fóra así. Un portavoz de Friends of Murvagh Beach estivo colaborando con Coillte desde que saíron á luz os plans de corta dos plantíos

forestais senescentes para permitir a restauración de dunas.

Un portavoz do grupo dixo: Os Amigos de Murvagh Beach desexan informar á xente que unha comunicación recente con Coillte Nature confirmou que a licenza de corta aínda está pendente de aprobación para Murvagh.

En vista disto, todos os traballos de LIFE INSULAR pospoñeranse ata o outono, xa que todos os traballos deben realizarse fóra da tempada de aniñada, do 1 de marzo ao 31 de agosto.

O grupo comunicará na páxina de Facebook de Friends of Murvagh Beach cando se obteña a licenza.



Adxudicada a eliminación de especies exóticas no PNMTIAG para o período 2023-2026

2024/02/26

A Xunta de Galicia, socio beneficiario do proxecto LIFE INSULAR; contrata a eliminación de especies exóticas invasoras nas illas Cíes, Ons e Sálvora do Parque Nacional marítimo terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. A execución, dotada cun total de 129.893,50 euros, enmárcase nas accións de conservación do proxecto da UE LIFE INSULAR. Este proxecto transnacional cofinanciado con fondos europeos no que participan Galicia, España e Irlanda busca conseguir a restauración integrada de hábitats insulares en illas do océano Atlántico.

A execución destes traballos, que acaban de adxudicarse, desenvolverase durante os próximos 33 meses. As actuacións centraranse nas dunas grises e nos seus hábitats de contacto para garantir un estado de conservación favorable dos mesmos. Para lograr estes obxectivos, a iniciativa prevé executar

sobre o terreo unha serie de medidas centradas nos tipos de hábitats insulares 2130* (dunas costeiras fixas con vexetación herbácea) e 4030 (queirogais secos europeos).

Ademais, este contrato permitirá dar continuidade aos labores iniciados en 2022 e acometidos tamén durante o ano pasado nos arquipélagos de Cíes, Ons e Sálvora sobre a flora terrestre exótica invasora (acacias, margarida africana etc.)/ etc.) cuxa presenza incide de forma moi negativa no estado de conservación dos hábitats e o propio ecosistema insular.

Ata novembro do ano 2026, a adxudicataria terá que ocuparse da realización de accións para a mellora da estrutura e da funcionalidade dos tipos de hábitats propios destas illas a través da eliminación e control de flora invasora, empregando métodos manuais.



Xornada de networking entre LIFE INSULAR e LIFE MedCliffs

2024/04/17

O proxecto LIFE INSULAR (LIFE20 NAT/ES/001007) e o proxecto LIFE Medcliffs (LIFE20 NAT/ES/001223) organizaron unha xornada de networking online, para realizar un intenso intercambio do amplo know-how xenerado por ambos os dous proxectos, no tocante á eliminación de plantacións forestais senescentes, o control de especies exóticas invasoras, a produción de planta para a restauración de hábitats insulares naturais, ou o voluntariado ambiental.

O evento posibilitou a transferibilidade mutua dos coñecementos xenerados polos proxectos, así como fomentar a replicabilidade das estratexias seguidas e as solucións adoptadas.

Jornada de networking
LIFE INSULAR - LIFE MedCliffs
16 abril 2024

Programa

LIFE MedCliffs
13.00h Se introducen os proxectos LIFE MedCLIFFS:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001223)
13.15h Se introducen os proxectos LIFE INSULAR:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001007)
13.30h Se introducen os proxectos LIFE INSULAR:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001007)
13.45h Se introducen os proxectos LIFE INSULAR:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001007)
14.00h Se introducen os proxectos LIFE INSULAR:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001007)
14.15h Se introducen os proxectos LIFE INSULAR:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001007)
14.30h Se introducen os proxectos LIFE INSULAR:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001007)
14.45h Se introducen os proxectos LIFE INSULAR:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001007)
15.00h Se introducen os proxectos LIFE INSULAR:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001007)
15.15h Se introducen os proxectos LIFE INSULAR:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001007)
15.30h Se introducen os proxectos LIFE INSULAR:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001007)
15.45h Se introducen os proxectos LIFE INSULAR:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001007)
16.00h Se introducen os proxectos LIFE INSULAR:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001007)

LIFE INSULAR
13.00h Se introducen os proxectos LIFE INSULAR:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001007)
13.15h Se introducen os proxectos LIFE INSULAR:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001007)
13.30h Se introducen os proxectos LIFE INSULAR:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001007)
13.45h Se introducen os proxectos LIFE INSULAR:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001007)
14.00h Se introducen os proxectos LIFE INSULAR:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001007)
14.15h Se introducen os proxectos LIFE INSULAR:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001007)
14.30h Se introducen os proxectos LIFE INSULAR:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001007)
14.45h Se introducen os proxectos LIFE INSULAR:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001007)
15.00h Se introducen os proxectos LIFE INSULAR:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001007)
15.15h Se introducen os proxectos LIFE INSULAR:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001007)
15.30h Se introducen os proxectos LIFE INSULAR:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001007)
15.45h Se introducen os proxectos LIFE INSULAR:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001007)
16.00h Se introducen os proxectos LIFE INSULAR:
Ana Rodríguez (LIFE20 NAT/ES/001007)

USC
Ministerio de Medio Ambiente, Agricultura y Pesca
LIFE INSULAR
LIFE MedCLIFFS

LIFE INSULAR asistiu á conferencia final do proxecto LIFE Sands of Life

2024/05/22

O IBADER da Universidade de Santiago de Compostela, na súa condición de beneficiario coordinador do proxecto LIFE INSULAR, asistiu entre o 15 e o 17 de maio, á conferencia final do proxecto LIFE Sands of Life (SoLIFE), que tivo lugar en Caernarfon (Gales, UK).

A visita favoreceu tamén un importante e valioso networking con outros proxectos LIFE sobre conservación de ecosistemas dunares a nivel europeo.

Este evento foi de gran importancia para o equipo de LIFE INSULAR, xa que puido coñecer de primeira man os casos de estudo desenvolvidos en Gales, os resultados das accións de restauración nas súas dunas, e as leccións aprendidas na eliminación de plantacións forestais senescentes e especies invasoras dos ecosistemas dunares.

O amplo know-how xenerado por SoLIFE permitiu a captación e absorción dos seus resultados por LIFE INSULAR, que poderán ser implementados e replicados durante as accións deste nos espazos Natura 2000 insulares de España e Irlanda obxecto do proxecto.

A visita favoreceu tamén un importante e valioso networking con outros proxectos LIFE sobre conservación de ecosistemas dunares a nivel europeo, como LIFE DUNIAS ou LIFE Dynamic Dunesapes.



O proxecto LIFE Wild Atlantic Nature recibiu o premio 2024 Natura 2000

2024/05/30

O proxecto LIFE IP Wild Atlantic Nature no cal participan tres socios do proxecto LIFE INSULAR (IBADER, COILLTE e o Department of Housing, Local Government and Heritage do Goberno de Irlanda) recibiu o premio Natura 2000 na categoría “traballando xuntos pola natureza”, na súa edición 2024. Estes premios destacan aqueles proxectos que amosan unha excelencia na conservación da natureza e a promoción do uso sostible do territorio.

O proxecto desenvólvese na Rede Natura 2000 de Irlanda, designado polo seu valor na protección dos hábitats de turbeira. O xurado premiou o proxecto LIFE en base ao programa de réxime de pago

agroambiental baseado en resultados. A través do mesmo, os agricultores e outros propietarios da terra reciben pagos por obter resultados medioambientais. O sistema vencella directamente os pagos agroambientais aos agricultores ás condicións ecolóxicas das súas terras, a través dun enfoque baseado en un control que avalían diferentes tipos de hábitats e o nivel dos servizos ecosistémicos prestados. De este xeito, recompénsase a boa xestión ambiental e incentívase a mellora das terras que obteñen mellor puntuación.

https://environment.ec.europa.eu/news/ground-breaking-agri-environment-payment-scheme-farmers-natura-2000-areas-ireland-2024-03-14_en



Socios de LIFE INSULAR forman parte do novo LIFE GLOBAL

2024/06/26

O 25 de xuño de 2024 celebrouse no Inbiotec-CESEFOR (León) a reunión de lanzamento do proxecto LIFE GLOBAL. Tamén forman parte deste novo proxecto os beneficiarios IBADER-USC e DXPN, cuxo obxectivo xeral é a posta en marcha dunha estratexia de restauración transnacional en 31 zonas Natura 2000 de alto valor de conservación do norte de España e Portugal, distribuídas entre os 3 escenarios máis vulnerables ao cambio global e de maior valor de conservación da biodiversidade: zona costeira, humidaís continentais e áreas de montaña.



Como principal medida de adaptación aos cambios globais actuais, o proxecto pretende mellorar o estado de conservación e a resiliencia ao cambio global de 10 hábitats prioritarios e 3 especies prioritarias.

As actuacións de restauración complementaranse cunha estratexia completa para informar e sensibilizar á cidadanía en xeral, así como para trasladar as medidas desenvolvidas e os resultados obtidos para a súa replicabilidade a nivel comunitario.

O proxecto ten un gran carácter demostrativo e piloto, e presentará unha gran complementariedade cos resultados e metodoloxías empregadas en LIFE INSULAR.

Celebrada a quinta reunión de coordinación de LIFE INSULAR

2024/07/07

A reunión foi realizada por videochamada, e permitiu dar conta do progreso das accións de conservación nas localidades irlandesas e españolas do proxecto.

Os pasados 27 de xuño e 5 de xullo de 2024, tivo lugar mediante videochamada a quinta quenda das reunións de coordinación de LIFE INSULAR entre o coordinador (IBADER-USC), os socios españois (DXPN, OAPN, TRAGSA) e irlandeses (NPWS, COILLTE) do proxecto.

As reunións permitiron dar conta do progreso das accións de conservación nas localidades irlandesas e españolas do proxecto, da disposición do merchandising, e a previsión futura de cara a finais do 2024.



LIFE INSULAR asistiu ao workshop do proxecto LIFE Adaptablues sobre adaptación ao cambio climático

2024/07/26

O IBADER da Universidade de Santiago de Compostela, na súa condición de beneficiario coordinador do proxecto LIFE INSULAR, asistiu o 24 de xullo, ao workshop do proxecto LIFE Adaptablues, que tivo lugar nas instalacións do Instituto de Hidráulica Ambiental de Cantabria (Santander).

Este evento foi de gran importancia para o equipo de LIFE INSULAR, xa que puido coñecer de primeira man os casos de estudio desenvolvidos noutros proxectos LIFE sobre adaptación ao cambio climático,

e os resultados da aplicación de solucións baseadas na natureza (SbN). Ao mesmo tempo, LIFE INSULAR puido transferirle á audiencia as leccións aprendidas na restauración de hábitats insulares vulnerables ao cambio climático.

O amplo know-how xenerado por todos estes proxectos permitiu a captación e absorción dos seus resultados por LIFE INSULAR, que poderán ser implementados e replicados durante as accións deste nos espazos Natura 2000 insulares de España e Irlanda obxecto do proxecto.



Xornada Participativa na illa da Graciosa

2024/10/09

O próximo 18 de setembro terá lugar unha xornada participativa, en torno as alternativas á mobilidade de vehículos a través da costa sur da illa de La Graciosa. A xornada está dirixida as empresas dedicadas ao transporte e ao aluguer de medios de transporte e aos veciños en xeral.

A xornada desenvolverase en dúas sesións, unha dirixida as empresas relacionadas co transporte (taxis e aluguer de bicicletas) que terá o seu inicio as 8:30 horas e unha segunda dirixida a cidadanía en xeral que dará comezo as 18:30 horas.

A xornada desenvolverase no Centro Parroquial, situado no número 29 da rúa García Escame, na Caleta de Sebo, e é necesario realizar unha inscrición previa para asistir.



Visita técnica para avaliación do progreso dos traballos de restauración de hábitats insulares nas localidades galegas do proxecto LIFE INSULAR

2024/09/12

As equipas de TRAGSA continúan cos traballos de conservación para a preparación do terreo e eliminación de plantacións forestais senescentes e rexenerado invasor na Illa de San Martiño (arquipélago de Cíes), con motivo do inicio das accións C3 e C4. Na actualidade lévanse apeadas 9 ha de plantacións, necesario para a restauración posterior dos hábitats insulares obxectivo.

Este pasado xoves, 12 de setembro, membros do coordinador IBADER, e do beneficiario Dirección Xeral de Patrimonio Natural, puideron dar boa conta do progreso dos traballos sobre o terreo. Estes traballos constitúen un elevado reto pola difícil orografía deste territorio, así como pola inherente fragilidade dos medios insulares

A elevada experiencia de TRAGSA en traballos de conservación no medio costeiro resulta un valioso activo para o proxecto, permitindo realizar a actuación de xeito preferentemente manual, con precisión case cirúrxica, gardando todas as cautelas necesarios, sen afectar aos elementos clave para a conservación.



PLANCTON 2024. Limpeza de lixo mariño e retirada de flora exótica invasora da illa de Sálvora PNMTIAG

2024/09/30

O PLANCTON (Plan de Conservación territorial) promovido pola fundación Obra Social ABANCA e coa participación de LIFE INSULAR, estará na illa de Sálvora, incluída no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, para desenvolver unha xornada de voluntariado ambiental, na cal se levará a cabo unha retirada de lixo mariños que o mar ten devolto en diferentes areas da illa, incluíndo as praias do Almacén, Area dos Bois e Zafra.



Pola tarde, as persoas que participan da actividade poderán desfrutar dun tempo de lecer na praia do Almacén ou ben realizar unha ruta guiada pola illa e colaborar na retirada de especies exóticas invasoras, dentro das actividades realizadas polo PNMTIAG e o proxecto europeo LIFE INSULAR, una das medidas propostas no devandito proxecto, para incrementar a resiliencia fronte ao cambio climático global dos espazos da Rede Natura 2000.



Replicación de resultados de LIFE INSULAR na eliminación de especies exóticas invasoras

2024/10/03



A Dirección Xeral de Patrimonio Natural, na súa condición de beneficiario de LIFE INSULAR, realizou unha replicación da estratexia de eliminación e control de especies exóticas invasoras levada a cabo polo proxecto, dentro do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Deste xeito, na illa de Ons aplicouse a mesma metodoloxía seguida en LIFE INSULAR (traballos manuais, sen empregar métodos

químicos, retirada de materiais a xestión de residuos, tratamentos repetidos no tempo), sobre poboacións de *Crassula multicava* e *Acacia* spp.

Esta actuación crea unha importante sinerxia cos beneficios xerados polas actuacións de eliminación de invasoras de LIFE INSULAR, contribuíndo á súa replicación e sustentabilidade a longo prazo, e posibilitando a súa explotación noutros foros e ámbitos.



Visita técnica para a captación de resultados e intercambio de experiencias na xestión sostible das dunas de Amsterdam (Países Baixos)

2024/10/21

O pasado 21 de outubro, LIFE INSULAR (LIFE20 NAT/ES/001007) realizou unha visita técnica para a captación dos principais resultados desenvolvidos polo proxecto LIFE Amsterdam Dune Project (LIFE11 NAT/NL/000776), no sistema ecolóxico das dunas de Amsterdam (Países Baixos). A visita foi realizada por membros do IBADER (por parte de LIFE INSULAR), e de Waternet (por parte do LIFE Amsterdam Dune Project), ambos os dous coordinadores de cadanseu proxecto LIFE.

Waternet é unha empresa pública neerlandesa responsable de servizos relacionados coa auga. Entre as súas principais responsabilidades, atópase a xestión das dunas de Amsterdam, un espazo natural de 3.400 ha, que forma parte da Rede Natura 2000 dos Países Baixos, e que é a fonte principal de abastecemento de auga potable para a cidade de Amsterdam e os seus arredores. Deste xeito, con motivo do LIFE Amsterdam Dune Project, Waternet levou a cabo medidas para reverter os efectos da seca, a eutrofización e a presenza de especies exóticas invasoras, co fin de crear as condicións adecuadas para posteriormente acadar a restauración dos hábitats de dunas naturais e tipos de humidaís presentes no espazo.

A visita permitiu transmitir as solucións adoptadas e as leccións aprendidas polo proxecto neerlandés, así como comparar as estratexias desenvolvidas por ambos os dous proxectos e chegar a un punto de acordo común: rexeitar o emprego de herbicidas na loita con invasoras en áreas cunha elevada fragilidade pola vulnerabilidade dos valores naturais albergados, especialmente cando se trata de tipos de hábitats naturais ou seminaturais de humidaís.



Visita técnica de intercambio de experiencias de eliminación de invasoras con LIFE DUNIAS en Flandes (Bélxica)

2024/10/24

O pasado 24 de outubro, LIFE INSULAR (LIFE20 NAT/ES/001007) realizou unha visita técnica de intercambio de experiencias na eliminación de especies exóticas invasoras, ás áreas de actuación do proxecto LIFE DUNIAS (LIFE20 NAT/BE/001442) nos ecosistemas dunares de Flandes (Bélxica). A visita foi realizada por membros do IBADER (por parte de LIFE INSULAR), e da Axencia para a Natureza e os Bosques (ANB) do Goberno Flamenco (por parte de LIFE DUNIAS), ambos os dous coordinadores de cadanseu proxecto LIFE.

A xornada permitiu comparar as estratexias desenvolvidas por ambos os dous proxectos, intercambiar as solucións adoptadas e as leccións aprendidas, así como o acordo xeral de evitar o emprego de herbicidas na loita con invasoras en áreas cunha elevada fragilidade pola vulnerabilidade dos valores naturais albergados.



Xornada de capacitación técnica a persoal do Organismo Autónomo de Parques Nacionais

2024/10/24

O pasado 24 de outubro, dende LIFE INSULAR (LIFE20 NAT/ES/001007) se realizou unha xornada de capacitación técnica nas instalacións do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia a persoal do Organismo Autónomo de Parques Nacionais (OAPN) sobre de xestión sostible de hábitats insulares que está a desenvolver o proxecto.

A xornada permitiu trasladar á audiencia as estratexias desenvolvidas polo proxecto, transmitir as solucións adoptadas e as leccións aprendidas, así como enfatizar no rexeitamento do emprego de herbicidas na loita con invasoras en áreas cunha elevada fragilidade pola vulnerabilidade dos valores naturais albergados.



Celebrado o curso Descubrindo as aves do PNMTIAG na illa de Cortegada

2024/11/11

No marco das actividades de difusión do Proxecto LIFE INSULAR. Os pasados días 9 e 10 de novembro tivo lugar na Illa de Cortegada, o curso de ornitoxía denominado Descubrindo as aves do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

O curso estivo ao cargo de Diego Rodríguez Vieites, biólogo, ornitólogo e master en restauración de ecosistemas.

O Curso desenvolveuse a longo de dúas xornadas, una teórica e unha práctica. A



xornada teórica celebrouse o día 9 de novembro, entre as 10 e as 13:30, na sede da asociación Gato Negro en Carril (Vilagarcía de Arousa). O día 10 de novembro, entre as 9 e as 14 horas, celebrouse a xornada práctica, que transcorreu na propia illa de Cortegada, ao longo dunha visita a este espazo natural.



Xornadas de voluntariado ambiental na illa de Cortegada

2024/11/13

En relación coas actividades realizadas ao abeiro do proxecto LIFE INSULAR no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, os vindeiros días 23 e 24 de novembro, desenrolaranse na illa de Cortegada dúas xornadas de voluntariado ambiental.

Cada unha das xornadas comezará co embarque as 9:30 horas no porto de Carril. A chegada desenvolverase a xornada ate as 12 horas. Tras media hora de descanso, ás 12:30 terá lugar unha ruta interpretativa pola illa, finalizando a xornada as 14:30.

A inscrición nas xornadas é de balde, e as prazas son limitadas.



Celebrado o curso Descubrindo as aves do Parque Natural de Corrubedo

2024/11/18

No marco das actividades de difusión do Proxecto LIFE INSULAR. Os pasados días 16 e 17 de novembro tivo lugar no Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, o curso de ornitoxía denominado Descubrindo as aves do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

A impartición do curso estivo ao cargo de Diego Rodríguez Vieites, biólogo, ornitólogo e master en restauración de ecosistemas.

O Curso desenvolveuse a longo de dúas xornadas, una teórica e unha práctica. A xornada teórica celebrouse o día 9 de novembro, entre as 10 e as 13:30, na Casa da Costa, Centro de Recepción de Visitantes do Parque Natural. O día 10 de novembro, entre as 9 e as 14 horas, celebrouse a xornada práctica, que transcorreu no propio Parque Natural de Corrubedo, ao longo dunha visita a este espazo natural.



Celebrada a sexta reunión de coordinación de LIFE INSULAR

2024/11/21

Os pasados 7 e 20 de novembro, tivo lugar mediante videochamada a sexta quenda das reunións de coordinación de LIFE INSULAR entre o coordinador (IBADER-USC), os socios españois (DXPN, OAPN, TRAGSA) e irlandeses (NPWS, COILLTE) do proxecto.

As reunións permitiron dar conta do progreso das accións de conservación nas localidades irlandesas e españolas do proxecto, dos resultados da análise xenética e da produción de planta de especies insulares para restauración, da disposición do merchandising, a realización das accións de seguimento socioeconómico e dos servizos ecosistémicos do proxecto, e a previsión futura de cara a 2025.



La Voz de Galicia publica hoxe un suplemento promocional sobre o proxecto LIFE INSULAR

2024/12/04

A Voz de Galicia, publica hoxe un suplemento promocional especial, no que se recollen os contidos e accións do proxecto LIFE INSULAR en Galicia.

O suplemento en formato dixital pódese descargar dende esta nova.



Restauración de hábitats en LIFE INSULAR

O proxecto LIFE INSULAR está a aplicar nos arquipélagos galegos (Ces, Ons, Sáliz) as prácticas máis actuais de eficacia comprobada para atallar os problemas de conservación e asociar a través dunha estratexia integral de restauración que proporcione estado de conservación favorable dos hábitats naturais insulares.



LIFE INSULAR deséxalles un feliz Nadal e ventureiro ano 2025

2024/12/18

O proxecto continuará durante o ano 2025 a traballar a prol da mellora do estado de conservación dos hábitats insulares en illas Natura 2000 do Océano Atlántico.



Publicado o cuarto boletín do Proxecto LIFE IP Wild Atlantic Nature

2024/12/20

O proxecto LIFE IP Wild Atlantic Nature publicou o seu cuarto boletín de novas, no cal, entre outras novidades inclúese a presentación por parte de tres socios do proxecto LIFE IP Wild Atlantic Nature, o IBADER, NPWS e Coillte Nature a os restantes socios, do proxecto LIFE INSULAR, o novo proxecto LIFE no que participan, conxuntamente coa Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia, o Organismo Autónomo Parques Nacionales e a Empresa Agraria de Transformación, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA).

O cuarto boletín de novidades está dispoñíbel para a súa descarga en: <https://www.wildatlanticnature.ie/communication-materials/>





Eire

Rexión Atlántica irlandesa:

- 1 - Sheephaven SAC
- 2 - Horn Head and Rinclevan SAC
- 3 - Donegal Bay (Murvagh) SAC
- 4 - Raven Point Nature Reserve SAC

Costa atlántica
de Galicia

Rexión Atlántica española:

- 5 - ZEC Complexo húmido de Corrubedo
- 6 - ZEC Complexo Ons - O Grove
- 7 - ZEC Illas Cíes

Rexión Macaronésica española:

- 8 - ZEC Archipiélago Chinijo

Illas Canarias



www.lifeinsular.eu



USC IBADER
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Instituto de Biodiversidade Agraria e e Desenvolvemento Rural

 **XUNTA DE GALICIA**

DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL



An Roinn Tithíochta,
Rialtais Áitiúil agus Oidhreacht
Department of Housing,
Local Government and Heritage



ORGANISMO AUTÓNOMO PARQUES NACIONALES

